

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

1608 *Real decreto 51/2018, do 2 de febreiro, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro.*

O Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, introduce previsións que afectan a composición do Consello Reitor da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., en diante o CSIC. A dita composición está regulada no artigo 12 do Estatuto do CSIC, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e se aproba o seu estatuto.

O artigo 6.2 do citado Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, sinala que, salvo disposición legal en contrario, o número máximo de membros do consello de administración e órganos superiores de goberno ou administración das entidades non poderá exceder os 15 membros nas do grupo 1, como é o caso do CSIC.

Por esta razón, cómpre modificar a composición do Consello Reitor do CSIC coa finalidade de adaptalo á normativa vixente, reducindo o seu número de membros a 15, así como certos aspectos relativos ao seu funcionamento.

Por outra banda, suprímese o Comité Interterritorial do CSIC, dado que as súas funcións de análise e proposta de mecanismos de coordinación da actividade científica e tecnolóxica entre o CSIC e as comunidades autónomas, así como de cooperación con universidades, centros e institutos de investigación públicos de titularidade non estatal, foron asumidos polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, creado pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Polo anterior, este real decreto adécuase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia e que a norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para conseguir os obxectivos previamente mencionados e, igualmente, que se axusta ao principio de seguridade xurídica. En canto ao principio de transparencia, a norma é unha norma organizativa, polo que está exenta dos distintos trámites propios da participación pública, é dicir, consulta pública e trámites de audiencia e información públicas. Por ese mesmo motivo de ser unha norma organizativa, con respecto ao principio de eficiencia non cabe falar de cargas administrativas. Así mesmo, respecto ao gasto público cabe sinalar que non é precisa a modificación de ningunha partida orzamentaria e, polo tanto, que o impacto orzamentario é nulo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública e do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro.*

O Estatuto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Suprímese a letra c) do número 3 do artigo 7.

Dous. A letra d) do número 2 do artigo 11 queda redactada do seguinte modo:

«d) Presidir o Comité Científico Asesor.»

Tres. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Composición do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor estará integrado polo presidente da Axencia, que o será tamén do Consello, e polos seguintes conselleiros:

a) Un conselleiro en representación do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e un por cada un dos seguintes ministerios: Facenda e Función Pública; Presidencia e para as Administracións Territoriais; Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente; e Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, todos eles con rango mínimo de director xeral ou equivalente e propostos polos seus respectivos ministros.

b) Cinco conselleiros designados polo titular do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade entre profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico. Un destes conselleiros será proposto polo Consello de Universidades e neste caso poderá preverse un suplente. Para todos eles a duración do seu mandato será de catro anos.

c) Tres conselleiros designados polas organizacións sindicais máis representativas. A duración do seu mandato será de catro anos.

2. Os conselleiros serán nomeados polo titular do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Na designación dos conselleiros observarase o disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, respecto á presenza equilibrada de mulleres e homes neste órgano colexiado.

3. O secretario do Consello Reitor será designado por este por proposta do presidente do CSIC e asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

4. O presidente poderá invitar ás sesións do Consello Reitor persoal experto por razón da materia, que terá voz pero non voto.

5. O Consello Reitor establecerá o procedemento de substitución do presidente no desenvolvemento das súas sesións, no caso de ausencia do seu titular.

6. O Consello Reitor reunirse, polo menos, tres veces ao ano en sesión ordinaria. O presidente poderá acordar reunións extraordinarias tantas veces como sexa necesario para desenvolver as funcións que o Consello Reitor ten encomendadas, por iniciativa propia ou por petición de, polo menos, un terzo dos seus membros, que poderán participar na elaboración da orde do día das ditas reunións.»

Catro. Suprímese o artigo 16.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN